

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 7 DE FEBREIRO DE 2013,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Proxecto de Lei de caza de Galicia.

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba a constitución do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito antigo da estrada AC-440 a prol do Concello de Muxía.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Fundación La Caixa, en materia de espazos naturais protexidos, por un importe total de trescentos cincuenta mil euros (350.000 euros).

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, o Instituto Galego de Promoción Económica

(IGAPE), Pequeños y Medianos Astilleros, Sociedad de Reconversión, S.A. (PYMAR) e Pymaval Garantías, S.A.U (Sociedad Filial de PYMAR), para regular a dotación inicial e a súa participación no Fondo de Garantías Navais.

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación polo Servizo Galego de Saúde do expediente da xestión integral de espazos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), por un importe de cento vinte e un millóns cento oitenta e sete mil catrocentos cincuenta euros con cincuenta e catro céntimos (121.187.450,54 euros) e un valor estimado de cento cincuenta millóns douscentos corenta e sete mil cincocentos euros (150.247.500 euros).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Informe de evolución das actuacións de mellora do saneamento das rías e zonas litorais de Galicia e avances na clasificación das zonas de produción marisqueiras e mitilicultoras 2009-2013.

## **A XUNTA MANTÉN NOS 16 ANOS A IDADE MÍNIMA PARA OBTENIR LICENZA DE CAZA**

- ***A práctica da caza considérase como un instrumento da máxima utilidade para a conservación do medio natural e o control das poboacións silvestres***
- ***Un dos principais obxectivos do texto é acadar unha caza máis sustentable, ética e responsable; mellorar a seguridade das persoas e os bens; dinamizar o medio rural; fomentar a substitución xeracional e facer unha regulación máis precisa desta actividade***
- ***A lei regula un sector de forte implantación social que move máis de 50.000 licenzas de caza e un volume económico superior aos 90 millóns de euros ao ano***
- ***Unha das principais achegas desta lei é a constitución dun fondo de corresponsabilidade para facer fronte aos danos das especies cinexéticas***
- ***Por primeira vez defínense expresamente os deberes e as responsabilidades do cazador***

A Xunta de Galicia manterá nos 16 anos a idade mínima para obter licenza de caza, tal e como establece a actual lexislación galega. Deste xeito, a nova Lei de caza que está a tramitar o Goberno galego non rebaixará ese límite de idade aos 14 anos, tal e como estaba previsto no anteproxecto. Está é unha das novidades do texto legal que será remitido ao Consello Económico e Social, trámite do cal foi informado hoxe o Consello da Xunta e que é o último paso para que o Goberno galego, unha vez analizadas as achegas do CES, poida remitir o proxecto de lei para a súa tramitación parlamentaria.

A nova Lei de caza regula un sector de forte implantación social que move máis de 50.000 licencias de caza e un volume económico superior aos 90 millóns de euros ao ano. O texto legal prima a función ambiental, social e de desenvolvemento rural da actividade cinexética, que se considera como un instrumento da máxima utilidade para a conservación do medio natural e o control das poboacións silvestres.

Con esta norma búscase responder á realidade actual da caza en Galicia, partindo de que a Lei de caza galega de 1997 resulta hoxe en día insuficiente para facer fronte ás fondas transformacións sociais, biolóxicas e mesmo cinexéticas experimentadas nos últimos anos. Procúrase tamén unha harmonización normativa con outras comunidades autónomas, de tal xeito que o marco lexislativo español sobre a caza sexa o máis uniforme posible.

En relación coa función social e ambiental da caza, a nova lei contempla esta actividade como unha ferramenta clave á hora de xestionar as poboacións das diferentes especies e, por extensión, o medio natural. Outra das novas ideas plasmadas nesta norma é a de

entender a caza como un instrumento para o desenvolvemento rural de Galicia, así como para a dinamización económica deste eido.

Como principais obxectivos do texto elaborado destaca o feito de acadar unha caza máis sustentable, ética e responsable; mellorar a seguridade das persoas e os bens; dinamizar o medio rural; fomentar a substitución xeracional e facer unha regulación máis precisa desta actividade.

### **Regulación máis precisa**

Por primeira vez, a normativa galega define claramente o que é un cazador, especificando os seus deberes e responsabilidades, así como o que é cazar e o que non, evitando así problemas na interpretación da normativa ao respecto.

Conceptúanse, ademais, as especies que son obxecto da caza e clasifícanse os terreos, distinguindo entre os que son cinexéticos e os que non. En relación coa seguridade, que é un dos principios reitores desta lei, regúlase polo miúdo o uso de armas e municións, deixando ben claro cales se poden utilizar e cales non. Tamén, dentro desta maior precisión na regulación da actividade cinexética, se inclúen novas modalidades de caza.

### **Novidades da lei**

Na procura dunha mellora dos instrumentos de conservación e control, o novo texto legal define con claridade os vedados de caza, e autorízase a súa xestión cinexética. Ata o de agora nos terreos vedados estaba totalmente prohibido cazar e isto provocaba que estas zonas se convertesen en verdadeiras “reservas” para os depredadores. Agora permítese xestionar estes vedados, sempre precedendo autorización. Con este mesmo obxectivo, flexibilízanse tamén os períodos hábiles.

Na lei dáse un impulso especial ás explotacións cinexéticas comerciais, que se tratan como un instrumento de interese para facer rendibles económica e socialmente os espazos cinexéticos e promover o aproveitamento socioeconómico e ambiental por parte das poboacións das súas áreas de influencia. Ao mesmo tempo, defínense con mais concreción a cetraría e a caza con arco.

Por último, unha das principais achegas desta lei a constitución dun fondo de corresponsabilidade para facer fronte á problemática dos danos que causan as especies cinexéticas. Este fondo permitirá a participación de todos os axentes (titulares de explotacións agrícolas e gandeiras, cazadores e administracións) na repartición de cargas, así como a dotación de fondos finalistas.

## **APROBADOS OS ESTATUTOS DO CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO RÍO LOURO**

- ***Esta entidade supramunicipal xestionará o ciclo completo da auga dos 58.918 habitantes dos concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui***
- ***O novo ente irá máis alá da idea inicial de xestión da EDAR de Guillarei e encargarse de todo o saneamento e abastecemento, inspección, explotación de todas as instalacións de potabilización, depuración e bombeo do ámbito territorial***
- ***O Consorcio configúrase como local, aínda que con participación autonómica, polo que a Xunta permanecerá para garantir a sustentabilidade institucional e económica nos primeiros anos, ata o seu autofinanciamento***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se aproba a constitución do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Río Louro. O Goberno galego e os concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui veñen impulsando a constitución dun consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga no ámbito da bacía do río Louro, o que beneficiará os case 60.000 habitantes destes catro concellos de Pontevedra.

O Consorcio local constituído denominarase Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro e terá a súa sede principal na EDAR de Guillarei. O seu comité directivo estará formado por un representante de cada un dos concellos e un representante da Xunta de Galicia, o cal reforza o seu carácter local.

Entre as facultades que terá o Consorcio destacan as de ditar ordenanzas fiscais e regulamentos dos servizos de saneamento, abastecemento e depuración únicos para todo o seu ámbito territorial, a xestión dos seus propios tributos, contratar obras e servizos necesarios para a súa actividades, e a potestade inspectora e sancionadora, para asegurar o bo funcionamento dos servizos.

### **Competencias**

No ano 2009 o Goberno da Xunta de Galicia puxo en marcha a estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Guillarei, co compromiso dos catro concellos a que dá servizo esta infraestrutura, de crear un consorcio que se encargase da xestión do sistema de saneamento do Louro, o cal inclúe a citada EDAR.

O novo ente irá moito máis alá da idea inicial de xestión da EDAR de Guillarei e encargarse de todo o saneamento e abastecemento, inspección, explotación de todas as instalacións de potabilización, depuración e bombeo do ámbito territorial.

O novo consorcio xestionará o ciclo completo da auga dos 58.918 habitantes dos 4 concellos pontevedreses. A prestación deste servizo integral implica a garantía

ambiental para o río Louro, non só coa xestión do saneamento, senón cun sistema de inspección máis rigoroso das verteduras das industrias; o servizo da depuración da EDAR de Guillarei e a sustentabilidade económica, financeira e institucional na xestión.

O consorcio configúrase como local, aínda que con participación autonómica, polo que a Xunta permanecerá para garantir a sustentabilidade institucional e económica nos primeiros anos, ata o seu autofinanciamento.

### **Financiamento**

A Xunta de Galicia aposta por compartir servizos entre concellos con fórmulas de colaboración como a citada. Cabe citar que o consorcio será o que xestione directamente os ingresos polos servizos da auga, en vez de recibir transferencias dos concellos, o que evitará problemas no futuro por débedas ou repartición de custos.

En consecuencia, aprobarase unha ordenanza fiscal única para o consorcio, con taxas diferenciadas de abastecemento, sumidoiros e depuración. Implantarase unha estrutura tarifaria que poida ser modelo para o ciclo urbano da auga, de modo que non haberá mínimos de consumo e o usuario poderá ser máis responsable no seu uso da auga. Si haberá unha parte fixa da tarifa e unha parte variable por tramos de consumo. Os tramos serán os mesmos que os do canon da auga, considerando o número de habitantes por vivenda.

A contía das tarifas permitirá aproximarse á sustentabilidade financeira, pero asegurando que sexa posible o acceso á auga a todos os usuarios. O obxectivo é que o resultado de explotación se equilibre sen subir as taxas máis alá da actualización de prezos, a medida que vaia habendo máis usuarios do saneamento e depuración, e se actualice o padrón de usuarios. No entanto, nos primeiros anos considérase que haberá un déficit de explotación que será asumido pola a Xunta de Galicia a través dun convenio de colaboración. Este apoio económico estímase en 674.960,40 € no primeiro ano de funcionamento. Tamén haberá un apoio técnico por parte de Augas de Galicia, especialmente para a dirección de explotación das infraestruturas hidráulicas.

### **Trámites**

As principais actuacións administrativas que se teñen que desenvolver nos próximos meses son as seguintes:

- Aprobación polo Consello da Xunta (07/02/13), mediante decreto, e publicación no DOG.
- Elección dos órganos reitores e iniciación do funcionamento, no prazo dun mes desde a publicación dos estatutos.
- Aprobación do orzamento.
- Sinatura de convenio entre a Xunta de Galicia e o Consorcio para a regulación da colaboración financeira e técnica.

- Aprobación da ordenanza fiscal única para todo o ámbito territorial, redacción dos regulamentos de explotación do servizo, de conexión á rede de sumidoiros, da ordenanza de verteduras e das normativas técnicas únicas.
- Licitación e adxudicación do contrato de xestión de servizo público polo Consorcio.

O obxectivo é que o Consorcio comece a funcionar de modo efectivo o 1 de xullo deste ano 2013.

### **O saneamento do río Louro**

O saneamento do río Louro, cunha forte presión urbana e industrial, foi unha tarefa que comezou en 1994 cando os catro concellos de Tui, Salceda de Caselas, O Porriño, Mos, a Xunta de Galicia e a Administración do Estado asinaron un acordo para levar a cabo o saneamento da bacía do río Louro, que establecía a creación unha entidade mancomunada ou consorciada para xestionar as infraestruturas de saneamento e depuración que se constrúan con base neste acordo. Desde aquel momento, foi necesario investir 93.911.943 € para a construción do sistema de saneamento do Louro, incluíndo a EDAR de Guillarei, que entrou en servizo no ano 2010. Desde entón, vén funcionando con normalidade.

Ademais, foi necesario executar importantes actuacións de conexións secundarias ao sistema de saneamento xeral, cun importante custo pola dispersión poboacional deste territorio. Incluindo as obras que está desenvolvendo hoxe en día Augas de Galicia, a Xunta xa leva investidos 14,5 millóns de euros en obras de saneamento secundario, e seguirase priorizando o investimento en saneamento desde a Xunta de Galicia nos próximos anos.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA AC-440 AO SEU PASO POLO LUGAR DE QUINTÁS, A PROL DO CONCELLO DE MUXÍA**

- ***Trátase dun tramo duns 200 metros entre os p.q. 6+550 e 6+740, que quedou en desuso tras unha actuación de mellora de trazado efectuada na AC-440***
- ***Aínda que xa non se utiliza para o tráfico xeral da estrada, o dito resto si que é usado polos veciños do lugar de Quintás, que o empregan para o acceso ás leiras colindantes***
- ***A entrega do treito formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG), mediante a sinatura da acta de entrega***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto de cambio de titularidade dun treito antigo da estrada autonómica AC-440 (Berdoias-Muxía) que pasa polo lugar de Quintás, no municipio de Muxía, a prol deste Concello coruñés. Concretamente, trátase dun tramo duns 200 metros entre os p.q. 6+550 e 6+740, que quedou en desuso tras unha actuación de mellora de trazado efectuada na AC-440. Aínda que xa non se utiliza para o tráfico xeral da estrada, o dito resto si que é usado polos veciños do lugar de Quintás, que o empregan para o acceso ás leiras colindantes.

O Concello de Muxía, en setembro de 2012, solicitou ao Goberno galego o cambio de titularidade deste tramo. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), de acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade.

O expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da vixente Lei de estradas do 14 de setembro de 1994, que establece que os cambios de titularidade se aprobarán por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.



O Concello de coruñés de Muxía deberá incorporar ao seu plan de estradas a vía a que se refire este decreto, así como facerse cargo do seu mantemento.

A entrega do treito formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da acta de entrega.





A CORUÑA





**XUNTA  
DE GALICIA**

**galicia**

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
**Consello da Xunta**

---

Gabinete de Comunicación  
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
Correo-e: gabinete@xunta.es



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**  
*"Unha maneira de facer Europa"*  
**FONDO SOCIAL EUROPEO**  
*"O FSE inviste no teu futuro"*

## **XUNTA E FUNDACIÓN LA CAIXA RENOVARÁN O CONVENIO PARA DESENVOLVER ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E MELLORA DOS ESPAZOS NATURAIS DE GALICIA**

- *O orzamento para levar a cabo os proxectos ascende a 350.000 euros, que a Fundación La Caixa achegará á Xunta de Galicia*
- *As accións previstas no convenio son a mellora de hábitats forestais e prevención de incendios, optimización de espazos fluviais, restauración de áreas degradadas ou fomento de sensibilización ambiental*
- *A Xunta e La Caixa, que veñen colaborando dende 2007 na mellora de espazos naturais, xa executaron accións para paliar os efectos dos incendios nas Fragas do Eume ou traballos de conservación de ecosistemas no parque das Illas Atlánticas*

O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe autorizou o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e a Fundación La Caixa para executar actuacións de protección, promoción, conservación e mellora do medio natural. Estas accións serán xestionadas pola Xunta de Galicia e desenvolveranse sobre os sistemas naturais recollidos na Rede Natura 2000, así como outras redes ecolóxicas de protección.

Os obxectivos específicos do acordo son os seguintes:

- Desenvolver programas para a conservación, defensa e promoción do medio no ámbito da comunidade galega.
- Actuar sobre os sistemas naturais, de xeito que se incida positivamente nos aspectos da conservación, uso público e revitalización socioeconómica.
- Dar a coñecer o patrimonio natural e a biodiversidade de Galicia.

En canto ás accións previstas, o convenio establece os seguintes ámbitos de traballo conxunto:

- Mellora das hábitats forestais e prevención de incendios.
- Mellora dos espazos fluviais, zonas húmidas e formacións de ribeira.
- Restauración de áreas degradadas.
- Mellora da conectividade ecolóxica e paisaxística, así como preservación de biodiversidades.
- Fomento da sensibilización ambiental mediante sistemas de información e formación.
- Potenciación de accións que axuden a reducir o CO<sup>2</sup> á atmosfera e actuacións que reiteren positivamente no uso eficiente da enerxía.
- Reforzo do tecido económico e impulso da formación laboral de poboación local.
- Utilización de enerxías renovables nas actuacións levadas a cabo pola Administración, co fin de contribuír ao desenvolvemento e implantación destas.

O orzamento total para levar a cabo as actuacións previstas neste convenio ascende a 350.000 euros que a fundación La Caixa lle achegará á Xunta de Galicia. O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá unha duración dun ano.

A Consellería de Medio Ambiente e a Fundación La Caixa queren garantir con este acordo de colaboración a mellora do estado de conservación do medio e a redución da súa fragilidade ante posibles agresións externas a que poida estar sometido. A finalidade é conseguir uns sistemas ecoloxicamente máis valiosos e estables no territorio da comunidade autónoma galega.

### **Actuacións executadas**

O primeiro convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fundación La Caixa para a protección e conservación do medio asinouse o 17 de xaneiro de 2007.

No ano 2010 Xunta e La Caixa asinaron outro convenio de colaboración en materia de espazos naturais protexidos, cuxas actuacións se desenvolveron durante os anos 2011 e 2012.

Estes convenios centráronse na execución de accións como a conservación de bosques. Ademais, leváronse a cabo actuacións para paliar os efectos dos incendios que tiveron lugar nas Fragas do Eume e realizáronse traballos de conservación de ecosistemas ou control de especies exóticas invasoras no parque nacional das Illas Atlánticas.

## **A XUNTA AUTORIZA O CONVENIO QUE MOBILIZARÁ ATA 60 MILLÓNS DE EUROS EN AVAIS PARA O NAVAL GALEGO**

- ***A Consellería de Economía e Industria destinará unha achega inicial de 9,5 millóns de euros ao novo fondo de garantías navais de Pymar***
- ***Trátase dun instrumento fundamental para mellorar as posibilidades de contratación de barcos***
- ***A través deste fondo, o Goberno galego reitera a súa aposta polo sector naval co obxectivo de que retome o crecemento e a súa capacidade para crear emprego e dinamizar a economía galega***

A Xunta de Galicia mobilizará 60 millóns de euros en avais para o sector naval galego grazas ao convenio de colaboración que asinará con Pymar (Pequeños y Medianos Astilleros, Sociedad de Reconversión, S.A.) para a constitución do novo fondo de garantías navais (FGN). Mediante este acordo, o Executivo autonómico garantizará operacións no sector da construción naval contribuíndo á viabilidade dos estaleiros galegos.

Para acadar esta cifra, a Consellería de Economía e Industria destinará unha cantidade inicial de 9,5 millóns de euros ao novo fondo á cal se sumarán novas achegas que levará a cabo a Xunta ao longo do ano para impulsar as operacións do sector naval. Deste xeito, e a través do convenio aprobado hoxe no Consello da Xunta, constitúese un instrumento fundamental para a promoción da construción naval, que mellora as posibilidades de contratación dos estaleiros da Comunidade garantindo a súa continuidade e os postos de traballo.

O novo fondo será xestionado pola filial de Pymar, Pymaval, e substitúe o anterior Fondo Patrimonial de Garantías (FPG), permitindo outorgar garantías de financiamento tanto aos armadores como aos estaleiros para acadar o bo fin dos contratos.

Por medio desta nova ferramenta financeira, esencial para o relanzamento do sector en Galicia, xunto coa reactivación do “tax lease” e o acordo estratéxico coa petroleira mexicana Pemex, a Xunta mantén o seu compromiso co naval, co obxectivo de dar un impulso ao sector para que retome o crecemento e a súa capacidade para crear emprego e dinamizar a economía galega.



XUNTA  
DE GALICIA

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

---

Gabinete de Comunicación  
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
Correo-e: gabinete@xunta.es



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
*"Unha maneira de facer Europa"*  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
*"O FSE inviste no teu futuro"*

## **O CONSELLO DA XUNTA DÁ UN PASO MÁIS NO PROXECTO H2050 COA LICITACIÓN DA XESTIÓN INTEGRAL DE SERVIZOS E ENERXÍA DO CHUO**

- ***A licitación abrangue as actividades de mantemento, limpeza, seguridade e vixilancia e subministración enerxética prestacional, entre outras***
- ***O Sergas aforrará máis de 10 millóns de euros en dez anos con este contrato, que ten un orzamento de 121 millóns de euros***
- ***O obxectivo é acadar un hospital innovador nos aspectos de enerxía, integrado co seu contorno, que autoproduza gran parte da enerxía que precisa e respectuoso co medio ambiente***

A Xunta de Galicia deu hoxe un paso máis na licitación do proxecto H2050 coa autorización, polo Consello da Xunta, do expediente de xestión integral de servizos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, que permitirá á Administración sanitaria acadar un aforro estimado de 10 millóns de euros na próxima década. O orzamento destinado a esta licitación é de 121 millóns de euros en dez anos.

O obxectivo de Sanidade é acadar un hospital innovador tamén nos aspectos de enerxía, integrado co seu contorno, que autoproduza gran parte da enerxía que precisa para o seu funcionamento, que sexa respectuoso co medio ambiente empregando enerxías renovables e locais, e, ademais, que reduza drasticamente as emisións de CO<sub>2</sub>.

O centro sanitario ourensán utiliza actualmente as redes convencionais de subministración de gas e electricidade para o seu abastecemento enerxético, sendo o gasto anual previsto de arredor de 2,7 millóns de euros (2 millóns de custo eléctrico e 700.000 euros de custo de gas natural).

O servizo de xestión integral de espazos do CHUO abrangue as actividades de mantemento, limpeza, seguridade e vixilancia e subministración enerxética prestacional, entre outras. O aforro xerado repercutirá en beneficio das infraestruturas e instalacións do complexo hospitalario.

Así mesmo, o Servizo Galego de Saúde porá á disposición do contratista, ademais das instalacións actuais para a subministración enerxética, as que sexan adquiridas con cargo aos fondos FEDER do proxecto H2050.

Esta contratación enmárcase no Plan integral de eficiencia enerxética do Sergas, iniciativa que garantirá un aforro de máis de 100 millóns de euros no período 2012-2019, facendo que os hospitais da rede pública galega sexan os máis eficientes de España.



XUNTA  
DE GALICIA

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

---

Gabinete de Comunicación  
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
Correo-e: gabinete@xunta.es



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
*"Unha maneira de facer Europa"*  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
*"O FSE inviste no teu futuro"*



## **AS RÍAS GALEGAS RECIBIRON UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 437 MILLÓNS DE EUROS NOS ÚLTIMOS CATRO ANOS PARA MELLORAR A CALIDADE DAS SÚAS AUGAS**

- *As verteduras contaminantes reducíronse nun 61% con respecto ao ano 2010, xa que se pasou de 853 a 330, é dicir, 523 menos*
- *Está prevista unha achega económica de preto de 111 millóns de euros para continuar co saneamento das rías*
- *Os investimentos da Xunta en materia de saneamento nos últimos catro anos permitiron que mellorasen o 25% das zonas de produción de moluscos bivalvos de Galicia*

A Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia, comprometeu dende 2009 infraestruturas de saneamento nas rías por valor de máis de 269 millóns de euros, que sumado ao investimento do Estado dá un total de 437 millóns. O Goberno galego ten previsto achegar preto de 111 millóns de euros a curto prazo para continuar potenciando esta prioridade fundamental para a Xunta. Estas actuacións deron como resultado que se mellorase na clasificación microbiolóxica no 25% das zonas de produción de moluscos bivalvos das rías galegas.

Desde abril de 2009 ata xaneiro deste mesmo ano constatouse unha mellora en 31 das 123 zonas de produción de moluscos bivalvos. Así, hai que destacar que nestes momentos Galicia conta con 22 zonas clasificadas como A (aquelas augas con escasa ou nula carga de contaminación microbiolóxica), 84 clasificadas como B (augas en que se atopa unha carga microbiolóxica media e na cal a actividade marisqueira está permitida se o molusco se destina previamente á depuración antes da súa venda en fresco) e 17 catalogadas como C (augas en que se atopa unha elevada carga microbiolóxica e na cal a actividade marisqueira só está permitida se o molusco se destina á industria transformadora ou ás zonas de reinstalación).

Estes datos son os que se desprenden do informe que se presentou hoxe no Consello da Xunta, onde se informou do estado e dos investimentos no saneamento das rías galegas e do seu impacto en forma de redución da afectación da contaminación sobre o medio mariño e as consecuencias para o cultivo ou extracción de moluscos bivalvos e outros produtos do mar.

O executivo galego está a impulsar dende 2009 a mellora da calidade das augas das rías galegas, considerando a importancia socio-económica destas zonas costeiras. Os plans de saneamento local das rías son os mellores exemplos destas novas ferramentas para guiar os investimentos.

### **Plans de saneamento local**

Destes documentos, elaborados nos últimos anos, obtivéronse resultados que permiten deseñar sistemas que aseguran a adecuada calidade das augas das rías e tamén a adaptación das redes para xestionar as augas pluviais.

A execución das infraestruturas propostas por estes plans permitirá asegurar a produtividade do sector extractivo e dotará os núcleos de poboación das infraestruturas axeitadas para combater os riscos asociados aos episodios de pluviometría extremos derivados do cambio climático.

Na actualidade finalizouse a redacción dos plans de saneamento correspondentes ás rías do Burgo e marxe dereita da ría de Arousa. Estímase que os investimentos resultantes dos citados plans supoñan un esforzo investidor para a comunidade de 40 millóns de euros. A día de hoxe están en redacción os plans de saneamento da marxe esquerda de ría de Arousa e de Cee-Corcubián. Nos próximos anos executaranse os investimentos previstos nos plans, avaliando os seus efectos, e espéranse licitar os correspondentes ás rías de Vigo, Pontevedra e Muros-Noia.

### **Redución de verteduras**

Augas de Galicia constata que a evolución da supresión de verteduras ao longo destes anos foi positiva, xa que no ano 2010 se rexistraban 853 verteduras contaminantes e no 2013, tan só 330, 523 menos, é dicir reducíronse as verteduras nun 61%.

Neste sentido, cómpre salientar que en Galicia no ano 1989 só existía en explotación unha estación depuradora de augas residuais urbanas con capacidade de tratamento maior de 2.000 habitantes equivalentes. No entanto, a día de hoxe existen en Galicia 151 estacións depuradoras de augas residuais urbanas cunha capacidade de tratamento maior de 2.000 h-e. A capacidade de tratamento, que era de 10.000 h-e multiplicouse por 343, e na actualidade as depuradoras en explotación suman unha capacidade de tratamento equivalente a 3.427.982 h-e.